

Por resolución do Concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas de data 9/10/2020, adoptouse o seguinte acordo:

Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado de Deportes con data 9/10/2020 e que literalmente di:

### **INFORME PROPOSTA**

Con data 10/09/2019 apróbanse por decreto asinado polo concelleiro delegado de Cultura Educación, Universidade, Deportes e Festas as bases da convocatoria para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas e pistas escolares no Concello de Ferrol para a tempada 2019 – 2020 e 2020 – 2021

Estas bases recollen procedementos distintos atendendo a natureza das instalacións deportivas, requirindo no caso das solicitudes para o uso da Piscina municipal a celebración dunha xuntanza entre todas as entidades para efectuar o reparto da lámina de auga, requisito do que carece a parte do procedemento relativo as pistas deportivas e escolares.

En base ao exposto, data 27/08/2020 aprobouse mediante decreto asinado polo concelleiro delegado de Cultura Educación, Universidade, Deportes e Festas a **lista definitiva (anexo I)** de admitidos e excluídos da convocatoria para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas e Pistas escolares no Concello de Ferrol. Tempada 2019-2020 e 2020 – 2021, limitando as autorizacións as instalacións afectas da parte procedemento finalizado ( pistas deportivas e escolares).

Compre polo tanto a tramitación da parte final do procedemento correspondente as autorizacións de uso da piscina de Caranza.

#### ***I.- Procedemento autorizacións Piscina Municipal de Caranza***

Con data 20/09/2019 publicanse as bases da citada convocatoria no BOP nº 179 do 20/09/2019 e na páxina web do Concello de Ferrol, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes por parte dos clubs.

Transcorrido ese prazo, realízase a valoración das solicitudes e con data 26/11/2019 publícase na páxina web a lista provisional de admitidos e excluídos da convocatoria para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas e pistas escolares no Concello de Ferrol para a tempada 2019 – 2020 e 2020-2021.

O base 4º recolle o seguinte: *“O dito anuncio abrirá un período de alegacións á lista provisional de 10 días hábiles, durante os cales calquera interesado poderá alegar canto estime oportuno na defensa dos seus intereses ou presentar un horario alternativo nas franxas horarias ou instalacións sen ocupar”*

En relación ó procedemento relativo as autorizacións de uso da Piscina Municipal de Caranza, deberemos ter en conta tamén a base 4.6, que recolle o seguinte:

***“ 6.4.- Solicitudes realizadas por Clubs de natación para a Piscina Municipal de Caranza:***

- *A través da publicación da listaxe provisional e, en base aos datos proporcionados na solicitude, comunicárase aos solicitantes a súa representatividade e o número de horas que cada entidade ten dereito a solicitar na piscina municipal de Caranza.*
- *Convocarase ás entidades a unha xuntanza na que, comezando por aquela entidade de maior representación e alternativamente, elixirán horas de adestramento (dentro das concorrentes) en base as súas preferencias. Os tramos horarios a elixir neste sistema de tanteo serán de 4,30 horas.*

*No suposto de non asistir á xuntanza convocada, a entidade perderá o seu dereito de elección e seranlle adxudicadas as horas sobrantes.”*

A estes efectos constan as seguintes alegacións:

- *Club Sincro Ferrol ( G-15924475) presenta escritos de alegacións ( RE nº 57.541 e 58.284 de 9/12/2019 e 12/12/2019 respectivamente) resolta por Resolución do Concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas de data 5/06/2020.*
  - *A entidade Club Sincro Ferrol ( G-15924475) presenta con RE nº 29.679 de 14/07/2020 presenta recurso de reposición á presente resolución.*
- *Club Natación Ferrol ( G-15245038) presenta escrito de alegacións ( RE nº 57869 de 10/12/2019) resolta por Resolución do Concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas de data 5/06/2020.*
- *Asociación de padres y amigos de nadadores. Club Marina Ferrol, (G- 15250244) presenta escrito de alegacións ( RE nº 57757 e 57820 de 10/12/2019) resolta por Resolución do Concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas de data 5/06/2020.*

Nos citados escritos de resolucións admítase a alegación efectuada polo *Club Sincro Ferrol ( G-15924475)* relativa a discriminación en canto ao nivel de exixencia en materia de requisitos dependendo de que si as entidades atópanse federadas ou non e procedese *ao requirimento a todas as entidades suxeitas a declaración responsable ( Club Sincro Ferrol; Club Natación Ferrol; Club Triatlón Ferrol e Asociación de padres y amigos de nadadores. Club Marina Ferrol) para que acrediten mediante certificado* o contido da táboa específica para clubs de Natación e Triatlón incluída no Anexo VI ( RP.3 Reservas permanentes para adestramentos e competicións de actividade non federada).

- *Club Triatlón Ferrol, (G-70087192) presenta certificado mediante RE nº 26615 de 11/06/2020.*
- *Asociación de padres y amigos de nadadores. Club Marina Ferrol, (G- 15250244) presenta certificado mediante RE nº 24.024 de 18/06/2020.*
- *Club Sincro Ferrol ( G-15924475) presenta certificado mediante correo electrónico de 20/06/2020 e 7/07/2020) debido a problemas coma sede virtual e ante a imposibilidade de facer chegar a documentación requirida por outro medio.*
- *Club Natación Ferrol ( G-15245038) presenta certificado mediante RE nº 29/06/2020 de 29/06/2020.*

En base a documentación aportada procedese a efectuar de novo o cadro de representatividade, que no varía respecto do cadro publicado na listaxe provisional quedando do seguinte modo:

CALCULO DA REPRESENTATIVIDADE				
ENTIDAD	LICENCIAS	USUARIO & ESCUELA	TOTAL	%representatividad
Club Triatlón Ferrol	99	0	99	6,03
Club Natación Ferrol	181	675	856	52,16
Club Sincro Ferrol	48	12	60	3,66
Asociación de padres y amigos nadadores. Natación	117	339	456	27,79
Asociación de padres y amigos nadadores. Waterpolo	44	126	170	10,36
		Total usuarios	1641	100

  

CALCULO HORAS PISCINA GRANDE					
HORAS TOTALES TEMPADA	376,25				
HORAS TOTAIS XULLO	201,25				
ENTIDAD	% REPRESENTA	HORA S TEMPADA	REDONDEO	HORA S XULLO	REDONDEO
Club Triatlón Ferrol	6,03	22,70	23,00	12,14	13,00
Club Natación Ferrol	52,16	196,26	196,00	104,98	105,00
Club Sincro Ferrol	3,66	13,76	14,00	7,36	7,00
Asociación de padres y amigos nadadores. Natación	27,79	104,55	105,00	55,92	56,00
Asociación de padres y amigos nadadores. Waterpolo	10,36	38,98	39,00	20,85	21,00
	TOTAL	376,25	377	201,25	202

\* OS 45 MINUTOS DE MAIS DO REDONDEO SERÁN AMPLIADOS NO HORARIO DE DOMINGO DE 13.00 A 13.45 1 ESTAXE

  

CALCULO HORAS PISCINA PEQUENA					
HORAS TOTALES TEMPADA	42,75				
HORAS TOTAIS XULLO	28,75				
ENTIDAD	% REPRESENTA	HORA S TEMPADA	REDONDEO	HORA S XULLO	REDONDEO
Club Triatlón Ferrol	6,03	2,58	3	1,73	2,00
Club Natación Ferrol	52,16	22,30	22	15,00	15,00
Club Sincro Ferrol	3,66	1,56	2	1,05	1,00
Asociación de padres y amigos nadadores. Natación	27,79	11,88	12	7,99	8,00
Asociación de padres y amigos nadadores. Waterpolo	10,36	4,43	4	2,98	3,00
	TOTAL	42,75	43	28,75	29

\* OS 45 MINUTOS DE MAIS DO REDONDEO SERÁN AMPLIADOS NO HORARIO DE DOMINGO DE 13.00 A 13.45 1 ESTAXE

As entidades presentan certificados nos que se manteñen os mesmos datos de participantes e polo tanto mantense o volume de horas que cada entidade pode solicitar.

Compre polo tanto en base ao procedemento establecido, dar conta as entidades das porcentaxes definitivas, así como tal e como se recolle nas bases do procedemento e convocar unha reunión coas entidades implicadas e proceder o reparto da lámina de auga coas seguintes consideracións:

- Na base 7.4.3 textualmente di: De cara ás solicitudes de estaxes, os clubs solicitantes deberán ter en conta que o aforo máximo do vaso grande é de 14 persoas por estaxe. ( 104 aforo máximo / 7estaxes ).
- Tal e como se recolle na base 6.4 comenzando por aquela entidade de maior representación, e alternativamente, as entidades elixirán horas de adestramento en base as súas preferencias en tramos de 4,30 horas. Establécese o límite de 4,30 horas, co fin de compatibilizar o criterio de prevalencia da entidade de maior representatividade fronte os dereitos do resto das entidades con menor representación que poderían ver excesivamente limitados os seus dereitos a optar a uns horarios que permitan o cumprimento dos seus fins.

7.5.- No anexo I establécense as instalacións deportivas e os horarios obxecto deste procedemento nos que as entidades poderán solicitar o uso da instalación.

- Nas instalacións de Caranza ( Piscina e pista deportiva) e Esteiro deberase respectar as franxas horarias determinadas no cadrante, no momento da solicitude por parte das entidades.
  - As solicitudes para a modalidade de waterpolo e natación sincronizada deberán cingirse aos espazos identificados como preferentes para as citadas modalidades. Unha vez adxudicado o número máximo de horas ás entidades

*representativas de waterpolo e natación sincronizada para as citadas modalidades, e dentro das franxas horarias prioritarias para elas, se quedasen horas libres poderán ser solicitados como estaxes.*

- *Os horarios de fin de semana quedarán reservados para as competicións de liga regular e coas seguintes consideracións:*
  - *Así mesmo, na Piscina municipal de Caranza poderase realizar solicitude de reservas de espazos para adestramentos os sábados e domingo polas tardes.*
  - *En ambos casos, a autorización destes horarios, quedará supeditada ás necesidades dos mesmos para horas de competición, revogando puntualmente a autorización de uso dos mesmos por parte do Concello de Ferrol. Esta circunstancia poñerase en coñecemento das entidades beneficiarias das horas cun mínimo de 5 días de anterioridade sempre que sexa posible.*

En base ao exposto anteriormente proponse:

**Primeiro.-** Aprobar a representatividade de cada un dos clubs solicitantes de autorizacións de uso do espazo da Piscina Municipal de Caranza reflexa na parte expositiva de este informe, e relativa a convocatoria para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas e Pistas escolares no Concello de Ferrol. Tempada 2019-2020 e 2020 – 2021.

**Segundo.-** Notificación a través da publicación na web municipal do Concello de Ferrol a presente resolución nos termos indicados nas bases.

**Terceiro.-** Convocar as entidades *Club Triatlón Ferrol (G-70087192); Asociación de padres y amigos de nadadores. Club Marina Ferrol, (G- 15250244); Club Sincro Ferrol (G-15924475) e Club Natación Ferrol ( G-15245038)* a xuntanza de reparto da lámina de auga o vindeiro día **venres 23/10/2020 as 12:00 horas** na sala de comisión da primeira planta do Edificio Municipal.

Por motivos de necesidades organizativas e de medidas de prevención fronte o CoVID 19, permitirase o acceso de dous representantes por entidade deportiva a reunión. Cada entidade deberá comunicar o nome dos/as asistentes cunha antelación previa de 24 horas, a través de correo electrónico a [deportes@ferrol.es](mailto:deportes@ferrol.es).

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedimento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Ferrol, na data que consta na sinatura dixital.

O Secretario xeral